




EU SON COMA TI

Unidade didáctica
sobre igualdade de xénero



8 de marzo
Día da Muller Traballadora

[Cristina Corral Soilán](#)

INTRODUCCIÓN:

Esta unidade didáctica enmárcase nunha serie de actividades que formulamos a partir da obra de teatro *OS POEMAS DO RÍO* (Everest Galicia, 2012) e que figuran na web www.ospoemasdorio.com.

A nosa pequena obra teatral composta en verso fala dunha xornada na aula dunha mestra. A profesora le co alumnado poemas que van compoñendo eles/as mesmos/as e que conforman a historia dunha fraga de animais que tamén recitan.

A finalidade dela é que o alumnado e @s mestres/as se animen a escribir poesía, a poñela en común e a ler a autoras galegas.

Ademais, o xeito no que está escrita permítelle ó profesorado traballar a poesía na aula relacionándoa co teatro, así como representar esta obra nas aulas ou mesmo no salón de actos dos centros escolares.

Tanto na obra coma nos poemas, tod@s prestan especial atención á lectura de versos das poetas galegas (María Mariño, Rosalía de Castro, Francisca Herrera, Pura Vázquez e Filomena Dato) que acompañan a historia que tod@s eles van creando. Son todas elas MULLERES.

Cada **8 de marzo** celebramos o **Día da Muller Traballadora**. Desde www.ospoemasdorio.com queremos contribuír a traballar nesta data con esta unidade didáctica sobre a igualdade.


Na aula de OS POEMAS DO RÍO, o alumnado le as autoras galegas, facendo, deste xeito, visibles os seus escritos literarios. A través desta Unidade, queremos concienciar o alumnado da importancia que ten o traballo que as mulleres veñen desenvolvendo dentro da sociedade desde hai tempo.

A VISIBILIDADE DA MULLER E DO SEU TRABALLO É TAMÉN CUESTIÓN DE QUE A SOCIEDADE REPARE NELA E FAGA REAL A SÚA EXISTENCIA.

a. E TI, DE QUE EQUIPO ES?

Hoxe imos falar de fútbol, un dos deportes que máis polémica xera...
responde as seguintes preguntas:

1. De que equipo es?
2. Cal é o teu xogador favorito?
3. Por que che gusta tanto?
4. Cantos goles meteu no último partido?
5. Cal é a túa xogadora favorita?
6. Por que che gusta tanto?
7. Cantos goles meteu no último partido?



CONTESTACHES A TODAS AS PREGUNTAS?

Se che quedaron sen responder a 5, a 6 ou a 7, queremos que penses en por que puido ser...

Se a posible resposta está aquí...

- Non coñezo a ningunha muller que xogue ó fútbol.
- Ninguén me falou de mulleres que xoguen ó fútbol.
- As mulleres non poden xogar ó fútbol.
- Os homes xogan mellor ó fútbol cás mulleres.

RECOMENDÁMOSCHE QUE CONTINÚES...

b. A MULLER NA PRENSA DEPORTIVA

Hoxe traemos prensa deportiva á aula ou miramos as principais cabeceiras de deportes na rede...

[Marca](#)
[Sport](#)
[AS](#)
[Mundo deportivo](#)

Agora, tócalos traballar a vós EN GRUPOS...

ACTIVIDADE 1

1. Cada grupo elixe un xornal deportivo (dos que propoñemos ou outros novos)
2. O traballo consiste en atopar novas no xornal que falen de mulleres deportistas
3. Recortade esas noticias ou copiade os titulares facendo unha lista
4. Unha vez rematado, comparade o número de novas que aparecen de homes co de mulleres

SABES QUEN SON ESTAS PERSOAS?



De cal das dúas poderías contar máis cousas?

Se a túa resposta é "DA PRIMEIRA", deberías pasar á páxina seguinte e ler a noticia que che ofrecemos

PRESENTÁMOSCHE A DÚAS PERSOAS QUE XOGAN NA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL...



Verónica Boquete, Santiago – 1987



Andrés Iniesta, Albacete - 1984

IMOS PENSAR UN CACHIÑO...

Poida que coñezas máis a Andrés Iniesta ca a Verónica Boquete; é importante que penses en por que pode ser.

A seguinte actividade pódete axudar con esa reflexión

Agora, tócalos traballar a vós EN GRUPOS...

ACTIVIDADE 2

Agora que xa tedes información, contestade estas preguntas:

1. Hai máis novas de homes ou de mulleres?
2. É moi grande a diferenza?
3. Por que cres que pode ocorrer isto?

Tirade conclusións co mestre ou coa mestra, e plasmádeas nunha redacción...

FIXÁDEVOS CANTAS COUSAS PASAN NO MUNDO DEPORTIVO ONDE TAMÉN HAI MULLERES!

<http://futbolfemeninoelfuturoesnuestro.blogspot.com>

<http://blogs.as.com/nosotras>

<http://deportefemeninotambien.com>

<http://www.mujoydeporte.org/>



... E moitas máis que podes atopar ti mesm@!

Agora, tócalos traballar a vós EN GRUPOS...

ACTIVIDADE 3

Usando a información dos enlaces que tedes na páxina anterior, elaborade un pequeno xornal con noticias deportivas onde aparezan, na mesma medida, noticias sobre mulleres deportistas e sobre homes deportistas

c. TRABALLAMOS COA LINGUA

Imos ler unha historia...

«Un pai e un fillo sufriron un grave accidente. O pai morreu e o fillo resultou malferido. Foi trasladado a un hospital para operalo, pero o cirurxián, ó velo, comentou: "Non podo operalo, é meu fillo!"».

Notas algo estraño nesta historia?

Comentádeo na clase

Moitas veces, resúltanos difícil visibilizar o traballo das mulleres porque a lingua de noso as exclúe...

Agora, tócache traballar a ti de xeito INDIVIDUAL...

ACTIVIDADE 4 _____

- a) Fai unha lista de profesións que teñan feminino e masculino
- b) Debuxa, ó carón de cada nome, a persoa que a exerce

Aquí che deixamos unha axuda

www.wikilengua.org/index.php/Profesiones_en_género_femenino#endnote_dpd

É importante que cando nos refiramos a un grupo feminino o fagamos en feminino... porque O QUE NON SE NOMEA NON EXISTE

d. CRES QUE TRABALLAN IGUAL OS HOMES CÁ S MULLERES?

Mira atentamente este [vídeo](#)...

Agora, tócache traballar a ti de xeito INDIVIDUAL...

ACTIVIDADE 5 _____

Mira de novo o vídeo e fai unha lista de diferenzas que vexas entre o pai e a nai da familia que sae no vídeo.

Agora, tócache traballar a ti de xeito INDIVIDUAL...

ACTIVIDADE 6 _____

CRES QUE É IGUAL A EDUCACIÓN PARA NENOS CA PARA NENAS?

Contesta a pregunta de arriba despois de ver este [vídeo](#)...

e. O 8 DE MARZO CELEBRAMOS O DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Neste [vídeo](#) podes descubrir por que se celebra ese día...

Coñecemos, ó longo da historia, moitas mulleres que nos serven de exemplo de traballo e de esforzo

E ti? Seguro que coñeces a moitas mulleres traballadoras

Agora, tócache traballar a ti de xeito INDIVIDUAL...

ACTIVIDADE 7 _____

a) Pensa nunha muller que coñezas no teu contorno (nai, avoa, irmá, amiga, tía, madriña, etc.)

b) Cántanos por que pensas que é un exemplo de muller traballadora a través dun mural con fotos, textos, recortes e cantos medios creas oportunos.

FACEDE UNHA BONITA EXPOSICIÓN COA HISTORIA DESTAS MULLERES!


e. COMO QUEREMOS CELEBRAR O 8 DE MARZO?

Agora, tócache traballar a ti de xeito INDIVIDUAL...

ACTIVIDADE 7 _____

Explica en que se diferencian as mulleres nestas viñetas do humorista español Forges

Cal che gustaría ser a ti? Por que? Escribe un texto sobre o tema.



BIBLIOGRAFÍA:

Enlaces que usamos para esta unidade didáctica

<http://educagenero.blogspot.com>


<http://colegiovirgendetiscar.blogia.com/temas/coeducacion.php>

<http://loquenosenombra.blogspot.com>

<http://www.ciudaddemujeres.com>

<http://www.mujerpalabra.net>





FIN

